



**NÓS**  
candidatura galega

Programa electoral. Xerais 2016

# Para ter voz propia

---

# BNG-Nós Candidatura Galega | Para ter voz propia

## 0. INTRODUCCIÓN

A historia da Galiza demostra que só se acadaron avances cando as clases populares tomaron conciencia de seu e procederon a defender os seus obxectivos mediante organizacións propias. Este proceso de autoorganización, malia as súas dificultades, ten logrado un incremento da toma de conciencia dos galegos e galegas sobre a súa propia realidade. Foi, e é, un elemento vital para o pobo galego existir politicamente, gañar batallas reivindicativas a curto e medio prazo, e orientar acadamente sobre obxectivos estratéxicos. O BNG – Nós Candidatura Galega insírese neste proceso.

Así, galegas e galegos debemos tomar nota da evolución política recente no Estado español. Dos acontecementos máis próximos, dada a nula presenza dos intereses e problemas de Galiza expresados de seu no curto período político transcorrido após as eleccións do 20 de decembro de 2015, onde ficou evidente a subordinación de todas as opcións políticas que tiveron representación nas Cortes Xerais polas circunscricións galegas aos intereses tacticistas das forzas políticas con sede en Madrid, que procuraron simplemente acadar o poder. Con máis perspectiva, das políticas aplicadas ao longo de décadas polo bipartidismo dominante, e especialmente dos últimos anos de fonda crise económica, que esmagaron empregos dignos, sectores produtivos e dereitos sociais conquistados para as maiorías sociais.

Iso ha de estar moi presente, para espantar a idea de que simplemente estamos cidad@s de novo ante as urnas para resolver a gobernabilidade política do Estado español, que as forzas políticas (da vella e da nova política) non foron quen de arranxar.

As galegas e galegos estamos chamados a algo máis, a tomar unha decisión fundamental: Que debemos seguir? Por que futuro apostamos? Polo devalar sufrido nos últimos anos das maiorías sociais, das traballadoras e traballadores e o aumento das desigualdades entre as elites ricas e todas e todos os demais? Ben pola contra, debemos loitar por unha estratexia económica e política que defenda ter traballo digno na nosa terra, que manteña a actividade produtiva en Galiza, que permita que as mozas e mozos logo de estudar nos colexios e universidades galegas teñan oportunidades de emprego estábel no país? Para que as persoas que perderon o emprego poidan recuperar un novo traballo cun salario digno, que as mulleres cobren o mesmo que os homes no seu traballo? Debemos resignarnos a fomentar as actividades especulativas da grande banca ou premiar a empresas contaminantes? Ou en cambio avogamos por fomentar novas empresas que poñan en valor os nosos produtos, o coñecemento e bo facer das galegas e galegas protexendo ao tempo o medio ambiente? Imos manter as políticas que priorizan recurtar fondos para os servizos básicos esenciais porque consideran prioritario rescatar e pagar as débedas das corporacións financeiras? Decidimos, porén, reclamar que desde Galiza se teña o control sobre a súa capacidade fiscal, que administremos directamente os impostos que pagamos a fin de darlle preferencia ao financiamento da sanidade, do ensino e dos servizos sociais públicos, sen ceder por iso o seu manexo desde Madrid para favorecer as oligarquías económicas e políticas centrais? Estamos preparados e

# BNG-Nós Candidatura Galega | Para ter voz propia

preparadas para confrontar o poder económico e político dunha elite que configurou un Estado centralista para ter unha posición rendista e acomodada respecto das maiorías sociais e das clases traballadoras? Queremos seguir mantendo a nosa condición de galegas e galegos con poder para decidir o noso futuro por nós mesmos?

Estas son as preguntas importantes deste tempo. A súa resposta non se solventa só con “cambio político” ou “novo goberno”. Temos que procurar solucións que vaian para alén dunha mudanza rutineira gobernamental, da pura alternancia entre forzas políticas españolas. Debemos cuestionar de raíz o modelo institucional e político centralista das últimas décadas, que é o que realmente entrou en crise, e responder cunha proposta de superación que garanta o futuro de Galiza.

## 1. UN ESTADO EN CRISE

A crise que atravesamos o Estado español non está simplemente ligada á crise derivada do ciclo económico, tanto no ámbito estatal, como europeo e global. É unha crise de lexitimidade deste modelo de Estado unitario, que nega os máis elementais dereitos colectivos, como é o recoñecemento da capacidade de decisión das nacións.

A negativa a someter a decisión democrática o futuro das nacións, a resistencia de poderes económicos e políticos para manter un control férreo desde o centro do Estado, a través do aparello do Estado unitario, de toda a actividade económica para perpetuar un espolio e apropiación de recursos económicos, amosan que nestas eleccións non se está a abordar simplemente a recuperación dunha devastadora crise económica e social.

Non se trata do cambio ou do recambio, senón en realidade do futuro do debate aberto sobre os dereitos nacionais (e vinculados a eles, os sociais) e o seu alcance. Nese sentido é que se debe entender o conxunto de medidas parciais e tácticas incluídas neste Programa. O BNG – Nós Candidatura Galega, sen perder nunca de vista o horizonte estratéxico da soberanía, defenderá todas aquelas medidas que foren nun sentido democratizador e de recoñecemento dos nosos dereitos nacionais.

### **Superación do réxime político e institucional vixente desde aprobación da Constitución de 1978.**

Neste contexto, en que o debate esencial que terá de abordar o novo parlamento español é, inevitavelmente, o que ten a ver cos dereitos das nacións, a Galiza ten de estar presente e non ficar atrás. Nese sentido, a posición estratéxica a defender polo BNG – Nós Candidatura Galega é clara: a Galiza non só debe ver recoñecido o dereito de autodeterminación senón que debe ter tamén a posibilidade de o exercer. É precisamente por iso que o BNG – Nós Candidatura Galega defenderá a ruptura democrática para que a Galiza poida asumir a soberanía por medio dun proceso constituínte propio. A asunción da soberanía política é premisa básica para que

## **BNG-Nós Candidatura Galega | Para ter voz propia**

calquera proceso político posterior de articulación institucional (Estado independente, Confederación de Estados...), que o BNG – Nós Candidatura Galega non prexulga neste momento, parta da decisión libre e non condicionada do pobo galego, en relación exclusivamente cos seus intereses nacionais e populares.

É iso o que exige do BNG – Nós Candidatura Galega o sentido de responsabilidade para co noso país, mais tamén a evidencia de que é mellor maneira de pór en evidencia diante do noso pobo as limitacións do punto de vista democrático do sistema político español e mesmo a súa incapacidade para aceptar, no mínimo que for, a pluralidade nacional, cultural, lingüística ou socio-económica.

É por iso que é máis importante do que nunca que a Galiza actúe con voz propia en Madrid para defender os seus intereses. Reclamamos a soberanía porque sabemos que como nación temos dereito a un futuro de liberdade. Mais tamén porque a necesitamos para poder comezar a resolver os graves problemas sociais e económicos que padece o noso pobo. Desde ese punto de vista, a soberanía non é para o BNG – Nós Candidatura Galega apenas unha cuestión identitaria, senón a premisa para poder encarar a xestión dos nosos recursos e potencialidades de modo que os poidamos pór ao servizo da prosperidade do país e do benestar do noso pobo.

### **Avances no autogoberno de Galiza, en tanto non se consolide o novo marco institucional**

No entanto, do mesmo modo en que somos conscientes de que moitos problemas non acharán solución real sen soberanía, tamén sabemos que nunca debemos esperar para tratar de os resolver. Desde ese punto de vista, a actitude da representación do BNG – Nós Candidatura Galega nas Cortes españolas será dupla. Por unha parte, a de levar alí todos os problemas que afectan o noso pobo e sexan competencia estatal propondo alternativas viábeis e defendéndoas sempre coa vontade de os resolver. Por outra parte, tratando en todo momento de ligar a posibilidade de solucións xustas, sociais e definitivas á reclamación de plenas competencias.

O BNG – Nós Candidatura Galega é a manifestación política da vontade de o pobo galego decidir por si, de traballar e actuar con liberdade e responsabilidade para orientar Galiza noutra dirección, a da crenza na capacidade e dignidade do pobo galego na perspectiva de creación dun estado galego soberano, da República Galega.

Daquela, e para alén de afrontar a superación do actual marco constitucional, e no camiño de ir afondando na capacidade de decisión de Galiza, deben acometerse xa sen demora os traspasos e transferencias a Galiza de infraestruturas e servizos esenciais:

- Traspaso AP-9 (Ferrol-Vigo)
- Traspaso AP-53 (treito Santiago-Lalín aínda dependente do Estado)

## BNG-Nós Candidatura Galega | Para ter voz propia

- Traspaso das competencias en infraestruturas de transporte de interese xeral: Portos de interese xeral, aeroportos e control de tráfico aéreo en Galiza, alén de estradas e camiños de ferro que discorren por territorio galego.
- Transferencia das competencias en materia de costas, tanto as normativas para aprobar unha lei galega de protección do litoral adaptada á realidade galega como as de intervención e xestión (autorizacións de instalacións na costa galega). Tamén se afrontará o traspaso das competencias sobre as bacías hidrográficas (transferencia plena da confederación hidrográfica Miño-Sil).
- Transferencia das competencias e servizos de salvamento marítimo e gardacostas.
- Transferencia das competencias en materia de tráfico e seguridade vial.
- Transferencia do Parque das Illas Atlánticas.
- Traspaso dos fondos e competencias relacionadas co fomento da industria cinematográfica e audiovisual galega.
- Traspaso dos arquivos, bens e fondos documentais, culturais e históricos a Galiza, que se atopan espallados en diversas institucións e organismos do Estado.
- Traspaso competencias en materia deportiva do Consello Superior de Deportes e das federacións deportivas.
- Transferencia dos activos da SAREB (entidade de xestión de activos inmobiliarios das entidades financeiras saneadas) situados en Galiza, para incorporación nunha Bolsa de vivendas e inmóbeis para fomento da vivenda pública social en Galiza.

## 2. ECONOMÍA AO SERVIZO DA CLASE TRABALLADORA

A persistencia da crise económica evidencia o fracaso do modelo neoliberal, que está na orixe do poder e riqueza acumulada polo capital financeiro e o incremento das desigualdades sociais ao desapoderar aos poderes públicos da intervención económica para a redistribución da riqueza.

### DESIGUALDADE DE GALIZA RESPECTO DA UE E O ESTADO ESPAÑOL

De 2009 a 2014 o proceso de diverxencia deste período de Galiza con respecto á UE é máis intenso co do conxunto do Estado español.

PIB/renda per cápita (2009-2014, en PPA). UE = 100				
UE=100	2009	2014	Var	Var (%)
Estado Español	103,20	91,00	-12,20	-11,82
Galiza	92,70	80	-12,70	-13,70

Fonte: Eurostat

Iso significa que Galiza tamén diverxe a respecto do Estado español

PIB/renda per cápita (2009-2014, en PPA). Estado español =100				
Estado Español=100	2009	2014	Var.	Var. (%)
Galiza	89,80	87,90	-1,90	-2,10

## **BNG-Nós Candidatura Galega | Para ter voz propia**

A Unión Europea asumiu ese modelo, e foi impondo a doutrina económica neoliberal a todos os Estados. Reafirmamos a posición histórica do nacionalismo galego contrario ao modelo que representa a UE, que cómpre superar. Así, os axustes implantados após a crise non foron dirixidos a reducir a capacidade económica e poder da grande banca privada, cuxa actividade descontrolada está no epicentro da orixe da crise, senón a minar servizos públicos básicos, a recortar dereitos e prestacións sociais. Ademais, a contracción orzamentaria en políticas sociais foi desviada para destinar inxentes recursos ao rescate das entidades financeiras, sen depurar responsabilidades nin determinar un novo marco con maior control público da súa actividade para evitar un novo colapso económico.

Paralelamente, foise inchando a burbulla da débeda pública, ao renunciar a unha regulación máis equitativa dos ingresos fiscais e manter un Pacto de Estabilidade que impón restricións á actividade económica do sector público que afondan na atonía económica e subordinan ao pagamento privilexiado da débeda á banca privada tanto o reforzamento das políticas sociais –cada vez máis necesarias nun crecente contexto de medre das desigualdades- como das medidas de impulso a sectores produtivos e ao fomento da innovación.

No caso do Estado español a débeda pública practicamente duplicouse no período da crise, ao incrementarse desde 568.700 millóns de euros en 2009 a 1.070.279 millóns de euros.

Na Galiza, o Goberno de Feijóo herdou unha débeda de 3.923 millóns de euros, e na actualidade ascende a 10.375 millóns de euros. Así, a administración galega ten que afrontar case 1.600 millóns de euros de gastos pola débeda en 2016 cando en 2009 eran apenas 393 millóns de euros. A débeda per cápita en Galiza pasou nese período de 1.756 euros a 3.733.

Paralelamente, nese período os gastos en educación e sanidade sufriron recortes no orzamento galego, contando agora con 511 millóns menos que hai 6 anos.

Por iso é chave mudar a fondo a política económica. Afastarse do paradigma neoliberal, sendo condición necesaria, é imprescindible para apostar por unha nova orientación económica, que relance os sectores produtivos propios, e a capacidade de traballo, para poder aplicar verdadeiras políticas sociais.

No caso da Galiza, por tanto, vai parello levantar vetos e discriminacións a moitos sectores económicos básicos do país, para recuperar a actividade económica e con iso crear a prosperidade necesaria para manter políticas sociais públicas de envergadura.

### **3. TOMAR O CONTROL DAS CONTAS PÚBLICAS DESDE GALIZA**

## BNG-Nós Candidatura Galega | Para ter voz propia

As institucións públicas galegas, tanto a Xunta como os concellos galegos, prestan a maior parte dos servizos públicos esenciais. Porén, non poden controlar o financiamento público preciso para sufragalos, dado que a maior parte da capacidade fiscal está reservada ao Estado, que aplica políticas fiscais regresivas (suba de impostos indirectos, escaso control fiscal de grandes fortunas e empresas, etc) co que os fondos que transfere, baixo un réxime centralista e con escas participación, son insuficientes e afondan a aplicación de recortes.

Por iso, a principal demanda para blindar un financiamento suficiente dos servizos e políticas sociais básicos que presta Galiza (sanidade, educación, servizos sociais) será a de acometer unha reforma do financiamento de Galiza baixo o principio da responsabilidade fiscal plena, de xeito que os impostos recadados en Galiza se xestionen en primeira instancia pola Xunta de Galiza para financiar ditos servizos básicos.

Así mesmo, reclamarase da UE a superación da doutrina de rigor orzamentario inflexíbel, aplicando en cambio a adaptación ao ciclo económico.

Achegas do sistema de financiamento durante a crise (millóns de euros)									
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Total sistema financiamento	7.335	7.439	6.280	6.071	6.080	6.210	5.999	6.233	6.736
Var. Anual absoluta	---	104	-1.159	-209	9	130	-211	234	503
Var. Anual relativa (%)	---	1,40	-15,60	-3,30	0,10	2,10	-3,40	-3,90	8
Var. Con respecto a 2009		0	-1.159	-1.368	-1.359	-1.229	-1.440	-1.206	-703
Var. Acumulada con respecto a 2009		0	-1.159	-2.527	-3.886	-5.115	-6.555	-7.761	-8.464

Fonte: Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza 2016

No mesmo período, o Estado unilateralmente aplicou sucesivas reformas fiscais que incrementaron a carga impositiva en impostos incluídos no canastro do financiamento autonómico, que redundaron na recuperación da recadación fiscal. Con todo, ao final a maior recadación fiscal ficou na administración central, destinándoos ao rescate e saneamento da banca privada, mentres que as galegas e galegos tiveron que soportar dita maior presión fiscal sen que repercutisen nos servizos públicos básicos.

Recadación tributaria xestionada pola Axencia Tributaria (millóns de euros)							
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Recadación	173.453	144.023	159.536	161.760	168.567	168.857	174.987
Variación		-29.430	15.513	2.224	6.807	290	6.130
Var (%)		-17,00	10,80	1,40	4,20	0,20	3,60

Fonte: Informes anuais de recadación tributaria. Axencia Tributaria.

## BNG-Nós Candidatura Galega | Para ter voz propia

Por outra banda, tamén se demandará a reforma do financiamento local, de xeito que sexa Galiza quen teña competencia na distribución entre os concellos galegos para rematar coa actual discriminación, e se incorporen criterios propios para o reparto como o avellentamento e a dispersión poboacional.

Os concellos de Galiza son discriminados no reparto de fondos do Goberno central e cada veciño dun vila ou dunha cidade galega recibe 50 euros menos ca media estatal co actual sistema de reparto da Participación nos Ingresos do Estado (PIE).

Da contía total dos fondos para os concellos chega aos municipios do país o 5,05%, malia representar o 6,24% da poboación total. En termos per cápita, cada concello recibe 209€ por habitante fronte aos 259€ de media estatal.

Esta situación de discriminación agudízase no caso das grandes cidades galegas. A modo de exemplo, Málaga recibe o mesmo financiamento do Estado, 230 millóns de euros, que as seis grandes cidades galegas xuntas, -232,6 millóns de euros-, pese a que estas case a duplican en poboación.

### Fiscalidade xusta e progresiva

- Acometer unha reforma fiscal que reduza a imposición do IVE en todos os tipos, establecendo que os bens e servizos esenciais, así como os bens de carácter cultural, tributen no tramo superreducido e tamén impondo un gravame adicional para os bens de luxo.
- Recuperar unha escala de gravame no Imposto sobre a Renda con progresividade real e directa, que iguale fiscalmente os rendementos do traballo e os de capital, así como implantar impostos específicos sobre grandes fortunas e beneficios de grandes empresas.
- Plan específico contra a fraude fiscal, dirixido especialmente contra os fondos desviados a paraísos fiscais.
- Redución da presión fiscal sobre as rendas de traballo, de xeito singular as menores ao duplo do salario mínimo interprofesional, limitando especialmente a imposición indirecta.
- Imposto social que grave a importación de mercadorías, co fin de garantir o financiamento do gasto social.

## 4. POLÍTICAS SOCIAIS

### Reversión dos recortes aplicados durante a crise económica nos servizos públicos:

- Supresión dos copagamentos sanitarios e farmacéuticos.
- Supresión dos copagamentos adicionais no sistema de dependencia introducidos en 2012.



## BNG-Nós Candidatura Galega | Para ter voz propia

- Recuperación dos fondos consignados con anterioridade a 2011 nos Programas concertados de servizos sociais, a executar polas Comunidades Autónomas e concellos.
- Ampliación de catálogo de prestacións no sistema de saúde, particularmente atención odontolóxica.
- Derrogación da LOMCE, para avanzar nun sistema educativo galego de calidade e adaptado ao país.
- Compromiso de dotación orzamentaria para atinxir o 7 por 100 do PIB de investimento en educación.
- Aprobación da dación en pagamento con carácter retroactivo.
- Aprobación dun Programa para a implantación dunha Bolsa de Vivendas sociais en alugueiro, con compromisos orzamentarios para a súa progresiva implantación en todos os concellos.
- Aplicación dun programa específico para a loita e erradicación da pobreza e a exclusión social. Aprobación de medidas específicas, tendo en conta novos fenómenos, para erradicar a pobreza enerxética e das persoas que traballan e mantéñense en situación de pobreza.

### **Emprego e estabilidade laboral:**

- Derrogación das reformas laborais de 2010 e 2012 en toda a súa integridade.
- Aposta polo emprego estábel, con medidas efectivas contra a precariedade laboral: redución da contratación a tempo parcial e temporal, así como a revisión da regulación dos contratos en práctica e formación para evitar o seu uso como vía para precarización do emprego na mocidade.
- Prohibición das Empresas de Traballo Temporal e calquera outra forma de axentes privados de intermediación laboral equivalentes, e descentralización e reforzo do servizo público de emprego.
- Mantemento da causalidade na contratación laboral (oposición á regulación laboral en base a modalidades baseadas na rescisión unilateral empresarial asociada a indemnizacións económicas obxectivas, sen ter que aducir motivos para o despedimento, o que está na base dos sistemas de modalidades contractuais reducidas).
- Reforma a fondo do sistema de prestacións por desemprego para asegurar a cobertura de desemprego a todas as persoas sen ocupación laboral.
- Implantación de medidas efectivas de conciliación laboral e familiar.
- Aposta pola redución da xornada laboral, fixándoa nas 35 horas semanais.
- Adaptación dos horarios: adaptación do fuso horario ao dos países do entorno (Portugal, Gran Bretaña), impulso a unha racionalización de horarios comerciais (xornadas intensivas, adaptación horarios comerciais).
- Modificación da Lei Xeral da Seguraza Social para outorgar protección especial a persoas que padecen cancro co fin de lles conferir seguraza xurídica e económica, con incapacidade permanente de ser preciso.
- Elevación progresiva do salario mínimo interprofesional para achegalo ao salario medio real.

## BNG-Nós Candidatura Galega | Para ter voz propia

- Imposición de límites aos salarios de executivos e directivos, situándoos como máximo en dez veces o salario medio.
- Cotización progresiva das traballadoras e traballadores autónomos, en función dos ingresos reais.

Evolución do emprego en Galiza 2009-2015					
		1° T 2009	1° T 2016	Var. 2016-2009	Var. 2016-2009 %
Desempregadas/os	Galiza	161.000	227.900	66.900	41,60
	Estado	4.018.200	4.791.400	773.200	19,20
Taxa desemprego	Galiza	12,10	18,20	6	50,40
	Estado	17,20	21,00	4	22,10
Activas/os	Galiza	1.331.300	1.249.000	-82.300	-6,20
	Estado	23.302.600	22.821.000	-481.600	-2,10
Taxa actividade	Galiza	55,30	53,10	-2	-4,00
	Estado	60,40	59,30	-1	-1,80
Ocupadas/os	Galiza	1.170.300	1.021.100	-149.200	-12,70
	Estado	19.284.400	18.029.600	-1.254.800	-6,50

### Mellora das pensións

- Coas pensións máis baixas do Estado que se perciben na Galiza, cómpre derogar as sucesivas reformas regresivas sobre as pensións e a seguranza social que reduciron e empeoraron o acceso ás pensións contributivas e atrasaron a idade efectiva da xubilación.
- Aplicación do superávit da Seguridade Social á dotación do Fondo de Reserva e á mellora da acción protectora do sistema.
- Mellorar as pensións do nivel contributivo e non contributivo da Seguranza Social e do réxime especial, revogando as reformas de extensión da idade de xubilación e o período de cálculo da pensión.
- Lograr o dereito a unha pensión mínima igual ao salario mínimo interprofesional, tamén para as persoas con diversidade funcional imposibilitadas para traballar.
- Eliminar as discriminacións ou penalizacións existentes nas condicións legais de acceso á pensión daquelas persoas empregadas a tempo parcial.
- Implantar un ingreso vital mínimo, cun programa de inserción laboral para todas as persoas que non cobraren ningún tipo de prestación económica.

## 6. IMPULSO ECONÓMICO

### Transformación do aforro galego a crédito ao tecido produtivo do país

- Impulso á **banca pública galega e novas fórmulas de participación pública**, reformulando os instrumentos do crédito e adoptando as medidas necesarias para que o aforro galego reverta en crédito e investimento no noso país.

## BNG-Nós Candidatura Galega | Para ter voz propia

A reforma financeira impulsada polos gobernos do PSOE e do PP tivo como consecuencia para a Galiza a perda da vinculación das caixas co seu territorio, para unha posterior bancarización e como último paso, a venda a prezo de saldo das outrora caixas galegas, nun proceso de claramente centralista e privatizador.

Os datos sobre a evolución dos depósitos e dos créditos amosan que, desde 2009, houbo unha evolución moi negativa entre os aforros depositados polos galegos en entidades financeiras na Galiza, e o que invisten estas entidades na economía do país, levando unha parte importante dos depósitos captados no noso país para fóra, singularmente cara a Madrid.

Galiza conta cun volume de créditos de 43.020 millóns de euros e 57.749 millóns de euros en depósitos, polo que os créditos ás galegas e galegos só cobren o 74% dos depósitos existentes no país, sendo a porcentaxe máis baixa de todos os territorios do Estado. Así, nestes intres 14.729 millóns de euros de aforro galego emigran para fornecer crédito noutras partes do Estado.

Ademais, no ano 2009, por cada euro en depósito, existían 1,32 euros en crédito. Na actualidade a cifra sitúase no 0,74. Unha redución do 44% nesta relación cando a media no Estado no mesmo período foi do 23,10%. O mesmo sucedeu co volume total de crédito, que pasou de 71.283 a 43.020 millóns de euros, un descenso de 28.263 millóns de euros (-39,60%), practicamente duplicando o conxunto estatal onde o descenso foi do 25,60%.

Por outra parte, observamos como a Comunidade de Madrid, a pesar de ser onde estoupou o principal escándalo e burato financeiro ao recibir a maior parte do rescate público do sector financeiro, ten a mellor relación de crédito per cápita. Foi Madrid xustamente a comunidade que, xunto co País Vasco (que neste caso mantivo entidades financeiras propias) tivo unha mellor evolución do seu crédito. Á vista dos datos podemos concluír que **o proceso de reestruturación bancaria tivo como consecuencia evidente a centralización e a concentración bancaria e financeira**, favorecendo os intereses das elites políticas e económicas radicadas na capital do Estado español, sendo o pobo galego o máis prexudicado neste proceso.

- Acometer unha regulación do sector financeiro que supervise e controle entidades e axentes financeiros, **limitando movementos especulativos de capital e supeditando a actividade financeira ás necesidades da economía produtiva.**
- Fixar desde o ámbito público a orientación cara a investimentos produtivos estratéxicos e a introdución de regras claras e precisas que limiten a especulación financeira.
- Implantar unha fiscalidade sobre a actividade financeira: impulso á creación dunha taxa, de ámbito internacional, que grave as transaccións especulativas,

## **BNG-Nós Candidatura Galega | Para ter voz propia**

non vinculadas ao financiamento da economía real (taxa Tobin), e a un gravame sobre os grandes beneficios da banca privada.

- Introducir regras sobre a retribución dos altos directivos do sector financeiro, limitando os salarios e o establecemento de bonos e incentivos desmedidos.
- Aprobar normas sobre servizos financeiros que limiten o cobro de comisións abusivas aos usuarios, así como o reforzamento da transparencia da información das entidades financeiras.

### **Apoio a sectores produtivos de Galiza**

- Implantar acordos que aseguren prezos dignos a produtor@s no sector lácteo. Mecanismos de vixilancia e intervención pública para garantir o seu cumprimento.
- Asegurar un reparto de cotas de pesca equitativo para a frota galega, partindo da capacidade real extractiva e non de criterios históricos artificiais. Eliminación de TAC's e cotas impostas pola UE en augas galegas.
- Garantir a presenza galega (gobierno e sectores implicados) en todas as negociacións a nivel estatal e europeo que afecten aos sectores primarios.
- Impulso á construción civil naval en Galiza, coa aposta por volver a situar aos estaleiros galegos no mercado mundial de construción civil, acometendo a modernización tecnolóxica e a creación de emprego coa renovación dos cadros de persoal con persoas novas cualificadas.

### **Enerxía**

- Modificación estrutural do sistema eléctrico: implantación da tarifa eléctrica galega para favorecer a instalación de empresas e compensar os custes ambientais da produción.
- Anulación do imposto ao sol e aprobación dunha normativa que fomento o autoconsumo enerxético sustentábel. Aposta por unha política decidida de fomento das enerxías renovábeis.

### **Aposta pola economía do coñecemento**

- Garantía de investimento público en I+D+i, incrementando os fondos para atinxir o 2 por 100 do PIB na lexislatura, co horizonte de acadar o 3 por 100 nunha década.
- Normalización da carreira investigadora.

### **Revogación da recentralización económica**

- Participación pública galega nos organismos de dirección (consellos reitores, órganos de administración, etc) de empresas públicas estatais radicadas na Galiza, con capacidade decisiva (veto) cando se adopten medidas que afectaren aos centros produtivos galegos.
- Recuperación de instrumentos financeiros propios de Galiza, apoiando o impulso a unha banca pública galega que supla a privatización e espolio das caixas de aforro.

## BNG-Nós Candidatura Galega | Para ter voz propia

- Derrogación das leis e garantía de unidade de mercado, favorecendo o impulso a economía galega sen o control e limitación desde o Goberno central.
- Derrogación da normativa sobre estabilidade financeira, así como da reforma constitucional exprés de 2011 que a sustenta, que afoga a capacidade investidora e de mellora de servizos públicos da administración galega e das administracións locais.
- Anulación da lei de acción exterior do Estado, recuperando a capacidade e iniciativa da Galiza para a súa presenza exterior consonte a súa iniciativa e estratexia propias.

### 7. REXENERACIÓN DEMOCRÁTICA

#### Dereitos e liberdades cívicas

- Derrogación da lei mordaza (chamada de xeito enganoso de protección da seguridade cidadá).
- Derrogación da lei de amnistía aprobada na transición respecto dos delitos de xenocidio e lesa humanidade. Protección e amparo das vítimas co axuízamento das persoas que cometeron crimes contra a vida e dignidade das persoas.
- Impulso á participación directa a través de consultas populares. Abordar a modificación constitucional e legal para permitir a convocatoria de referendos vinculantes asuntos de interese, así como para instrumentar a participación social na planificación e xestión dos fondos públicos.
- Denuncia e revogación do Concordato coa Igrexa Católica, implantar a laicidade real no Estado (desaparición de simboloxía relixiosa en edificios públicos). Do punto de vista económico, debe levar aparellado a eliminación de privilexios e presenza en servizos públicos (supresión paulatina de concertos educativos, eliminación de aparicións de autoridades relixiosas en actos organizados por institucións públicas, anulación de acordos para a presenza financiada publicamente de representantes relixiosos nos hospitais públicos).
- Derrogación da prisión permanente revisábel (cadea perpetua encuberta) e das medidas especiais de liberdade vixiada implantadas na reforma do Código Penal. Reclamación do traslado á Galiza das galegas e galegos que cumpren penas de prisión noutros territorios do Estado.
- Reforma estrutural da normativa electoral: implantación do método proporcional directo (cota Hare), establecemento da Galiza como circunscrición electoral, eliminación porcentaxes mínimas do 5 por 100 para ter representación, asegurar o exercicio do dereito de voto dos mariñeiros embarcados nas frotas de altura.
- Garantir medios públicos non sometidos a control governamental. Consello de Administración máis profesionalizado e en que as persoas representantes dos partidos políticos non teñan maioría.

#### Loita contra a corrupción

## **BNG-Nós Candidatura Galega | Para ter voz propia**

- Inhabilitación directa de cargos públicos e representativos que cometan fraude fiscal e se detecten operacións económicas propias -ou en connivencia co seu entorno familiar e profesional- a través de paraísos fiscais.
- Regulación estrita das portas xiratorias e das incompatibilidades, en concreto, supresión da posibilidade de acordar compatibilidade profesional de Deputados e Senadores polas propias Cámaras.

### **Transparencia na contratación pública**

- Supresión das restricións para a xestión directa de servizos públicos, respectando así a autonomía de cada institución.
- Modificación da normativa de contratación pública, implantando a transparencia na contratación negociada e directa, publicando nos perfís de contratación as licitacións negociadas.

## **8. REESTRUTURACIÓN ADMINISTRATIVA E ADELGAZAMENTO DO ESTADO CENTRAL**

- Supresión das deputacións provinciais, co traspaso de competencias e funcións á Galiza e concellos, evitando a creación de estruturas institucionais substitutivas.
- Transitoriamente, en tanto non se aborden ditas reformas de maior alcance, derogación da reforma local que limita a autonomía local e a prestación de servizos públicos polos concellos.
- Eliminación do Senado.
- Supresión da administración periférica do Estado e tamén dos departamentos ministeriais con competencias transferidas.

## **9. INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS, POLÍTICA AMBIENTAL E ORDENACIÓN TERRITORIAL**

- Revogación da prórroga de ENCE en Pontevedra tendo en conta o remate do período vixente da concesión, co fin de posibilitar o pleno saneamento e rexeneración da ría e o fin do impacto no conxunto do país, coa eucaliptización masiva que provocou historicamente.
- Compromisos orzamentarios firmes para acometer o saneamento integral das rías galegas nesta Lexislatura.
- Obrigar a internalizar os custos ambientais nas actividades contaminantes.
- Vetar o cultivo, cría e comercio de organismos xeneticamente modificados con destino á alimentación humana e animal.
- Modificación do código penal en delitos por maltrato animal, e formación das forzas de seguranza en materia de protección animal.
- Apoiar a xestión e ampliación das áreas protexidas da Rede Natura 2000, especialmente no medio mariño.
- Desenvolver políticas encamiñadas á protección da biodiversidade, tanto mariña como terrestre.

## **BNG-Nós Candidatura Galega | Para ter voz propia**

- Garantir a finalización dos treitos do AVE a Galiza, asegurando as dotacións orzamentarias para manter a execución e evitar a paralización.
- Acometer os treitos pendentes do Eixo Atlántico: Ferrol-A Coruña e Vigo-Tui.
- Creación da comisión de investigación sobre o accidente de Angrois.
- Remate de conexións viarias e ferroviarias aos portos exteriores.
- Reforma da lei de costas, para a regularización definitiva dos núcleos rurais tradicionais.

### **10. LINGUA E CULTURA**

- Asegurar a plena normalización do uso do galego pola administración central. Especialmente, acometer a normalización no ámbito da administración da xustiza, facéndoa lingua de uso preferente nas comunicacións e notificacións de oficio dos órganos administrativos.
- Facer visíbel o idioma galego nos medios públicos audiovisuais. Acometer a dobraxe de películas e programas de infantís e deportivos ao galego, para a súa escolla na TDT polo usuario.
- Impulsar os convenios para ensino do galego como segundo idioma na educación secundaria noutros territorios do Estado. Tamén en Galiza de idiomas cooficiais (catalán, euskera). Dun xeito especial, garantir a sinatura de convenios con comunidades limítrofes para ensino do galego en toda a etapa educativa.
- Promover a cooperación cos países da lusofonía, para a divulgación recíproca da lingua e cultura galegas en ditos países e da difusión da lingua portuguesa, nas distintas variantes, en Galiza.
- Acometer un acordo para a recepción e difusión dos públicos medios audiovisuais de Portugal na Galiza, así como da RTVG en Portugal.

### **11. APOSTA POLA IGUALDADE DE DEREITOS ENTRE MULLERES E HOMES**

- Incrementar e mellorar os recursos e actuacións destinadas a avanzar na efectiva igualdade en todos os ámbitos sociais e económicos, a fin de evitar que a actual crise económica e as políticas de recorte do gasto público, supoñan un retroceso na aplicación de políticas a prol da igualdade de xénero.
- Proporcionar unha renda durante os períodos de excedencia por coidado de fillos/fillas.
- Compensar economicamente as nais/pais que reduzan a súa xornada laboral para o coidado de fillos/fillas.
- Ampliar os permisos retribuídos para acompañar nenas/nenos enfermas/os.
- Realizar unha avaliación rigorosa sobre a aplicación da Lei contra a violencia de xénero, a fin de adoptar as modificacións que sexan necesarias á vista da experiencia na súa aplicación, e detectar necesidades de dotación de maior financiamento para facer efectivas as súas medidas. Particularmente, defenderemos unha reforma da lei contra a violencia de xénero que desligue o acceso aos recursos e axudas destinadas ás mulleres que sofren violencia

## **BNG-Nós Candidatura Galega | Para ter voz propia**

machista do recurso á vía penal, así como a implantación de xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades galegas.

- Introducción do termo Femicidio e inicio dos traballos necesarios para o desenvolvemento dun Estatuto de vítima de Femicidio.
- Avanzar na aplicación da Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo de xeito que se garanta a súa prestación no ámbito sanitario público, eliminando as restricións actuais ás mozas de 16 e 17 anos, e garantindo unha prestación de calidade en todo o ámbito sanitario público.
- Asegurar o emprego dunha linguaxe non sexista nas publicacións, libros de texto, medios de comunicación social, dependentes da administración do Estado.
- Erradicar as mensaxes e programas nos medios de comunicación de marcado carácter sexista e ofensivo contra as mulleres, así como velar por información que protexa a intimidade das vítimas de violencia de xénero.
- Regular a prohibición da publicidade de contactos sexuais, por encubriren na maior parte dos casos organizacións de tráfico ilegal e explotación de mulleres, nos medios de comunicación social, públicos e privados, e en todo tipo de soportes.
- Incorporar de xeito transversal a diversidade afectivo-sexual na lexislación estatal, especialmente en materia de dereitos civís e política social.
- Promover a elaboración dun protocolo estatal de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- Incorporar na lexislación a identificación de agresións motivadas por razóns de orientación sexual ou identidade de xénero e o establecemento de sancións específicas.
- Modificación dos convenios de adopción internacional subscritos polo Estado español en canto discriminen por razón de orientación sexual.
- Promover programas formativos en chave LGTBIQ.

## **12. POLA PAZ MUNDIAL E A CONVIVENCIA DOS POBOS E NACIÓNS**

- Revisar política de venda de armamento e reforzar o control parlamentario dos datos das exportacións en materia de defensa
- Retirar as tropas do Estado español en misións exteriores que comporten a ocupación ou agresión militar.
- Condenar enerxicamente Marrocos pola ocupación do Sáhara Occidental, instando a que o Estado español prema para se realizar o referendo de autodeterminación con garantías democráticas.
- Recoñecemento do Estado palestino.
- Chamar á fin das agresións imperialistas, particularmente en Oriente Medio e o Norte de África. Defender unha saída decidida polos pobos respectivos e non polo capitalismo internacional.
- Defender a saída da OTAN e a disolución desta alianza militar do imperialismo.
- Oposición ao Tratado de Libre Comercio entre Estados Unidos e a Unión Europea (TTIP).



## **BNG-Nós Candidatura Galega | Para ter voz propia**

### **Galiza terra de acollida**

- Defender no seo da Unión Europea unha política de migracións respectuosa co dereito de asilo político, dos dereitos sociais e laborais e do desenvolvemento dos pobos.
- Revogar os acordos de repatriación de refuxiados UE-Turquía.
- Renegociar os acordos Schengen en favor dunha acción decidida a prol de novas políticas de migracións internacionais e co desenvolvemento, sobre todo cos países da contorna do mediterráneo. Do mesmo xeito, oposición frontal a calquera reforma regresiva en materia de dereitos e liberdades individuais e civís coa escusa de ameazas antiterroristas.